



## *Cuando Dios habla no sólo en masculino. La teología feminista*

---

Carmen Soto Varela. Ed PPC, colección Sofía

Estamos de noraboa! Aos poucos, as editoriais van vendo a necesidade de dar paso á divulgación da teoloxía feminista. Tócalle quenda agora a PPC, que saca unha nova colección, Sofía, coordinada polas teólogas feministas Carmen Picó Guzman e Paula Depalma. Si: pódese ser á vez teóloga e feminista. É máis, a mensaxe de Xesús non se pode entender fóra da igualdade que o feminismo defende.

Arranca a colección con dous títulos, e promete outros dous para setembro. Para este lanzamento traducen unha obra xa editada en italiano de Lucetta Scaraffia, *Feminista y cristiana*, e un texto de novo, *Cuando Dios habla no sólo en masculino. La teología feminista*, elaborado pola nosa compañeira do consello de Encrucillada, Carme Soto Varela.

Carme Soto é relixiosa, serva de San Xosé, licenciada en Historia pola USC e doutora en Teoloxía na especialidade de Sagrada Escritura pola U.P. Comillas. Na súa obra achéganos á teoloxía feminista cunha linguaxe asequible, que nos abre os ollos a unha nova maneira de ler e transitar pola Sagrada Escritura, a tradición cristiá, a historia da Igrexa e a teoloxía. Poñamos as gafas violeta e mergullémonos nelas para descubrir outra forma de mirar, para resignificar o lugar das mulleres na nosa memoria de fe. Carme lévanos da man, introducíndonos nos traballos e reflexións das grandes teólogas feministas e facendo doada a súa comprensión.

O libro arranca, na introdución, coa coñecida reflexión de Tareixa de Xesús: «(...) Non abonda, Señor, que nos ten o

mundo acurralladas (...) que non fagamos cousa que valla para nada por vós en público, nin ousemos falar algunhas verdades que choramos en secreto (...)», toda unha declaración de intencións da autora, que ao longo de toda a obra conecta cos desexos de igualdade das mulleres na historia. A teoloxía feminista «impulsa un novo paradigma teolóxico desde o que se reverte a exclusividade androcéntrica para habitar unha realidade inclusiva tanto antropolóxica como social e eclesial», as persoas crentes non podemos desbotar esta novidade que entronca coa igualdade que anunciaba e practicaba Xesús de Nazaret.

A obra consta de cinco capítulos e ten a reflexión feminista sobre a Revelación como punto de partida. O Deus revelado na historia estanos urxindo a buscar novo significados que conecten coas experiencias actuais. Precisa dicirse tamén desde a vida das mulleres, recuperando a súa memoria. Se a Revelación é o encontro con Deus na historia humana, precisamos incorporar neste relato os encontros que protagonizan as mulleres. Só así podere-

mos percibir a Deus dun xeito máis completo, máis humano. Carme Soto recórdanolo coas palabras de Rosemary Radford Ruether: «todo o que nega, empequecece ou distorsiona a plena humanidade das mulleres, non pode ser considerado reflexo divino, nin auténtica revelación». A linguaxe relixiosa é eminentemente simbólica, así que cómpre, logo, elaborar novos símbolos, que representen e dignifiquen a todos os seres humanos, fillos e fillas de Deus. Nesa reconstrución de significados temos que abrir os ollos para mirar de novo a Biblia e buscar nela as historias das mulleres, do Antigo e do Novo Testamento, e ver o que as súas experiencias achegan na tradición cristiá. Como ben indica a autora, non abonda con recuperar as historias das mulleres, pois moitas delas están influídas pola cultura patriarcal que as xerou. Por iso o exercicio de memoria tamén precisa «a recreación imaxinativa que busque actualizar as historias e palabras de mulleres sen deixarse atrapar polo marco patriarcal no que foron xeradas», o que a teóloga Elisabeth Schüssler Fiorenza denomina

hermenéutica da sospeita. «O feito de que un texto sexa canónico e que se considere inspirado non elimina que sexa un produto humano e, como tal, estea condicionado histórica e culturalmente» afirma a autora. Na tradición bíblica é necesario nomear e celebrar as mulleres, facer falar os silencios que os textos marcan sobre elas, reconstruír os nesgos que as traducións foron introducindo, ás veces auténticas traizóns á memoria das mulleres cando, por exemplo, se traduce por «servidora» e non «diaconisa» o termo *diakonos* aplicado a Febe no capítulo 16 da Carta aos Romanos.

Reimaxinar contextos e experiencias fai que a exexese e a hermenéutica se convertan en instrumento de memoria e liberación para as mulleres.

O capítulo catro repasa a historia da Igrexa sinalando as mulleres que, como faros, souberon alumear novas maneiras de vivir e expresar a Deus, mostrando como na Tradición quedaron agachadas tras os varóns. A memoria patriarcal eclipsou as contribucións das mulleres no mundo antigo (Macrina,

Melania a anciá, Olimpia, Pulqueria, Melania a nova, Paula, Eustaquia, Marcela...), facendo desaparecer mesmo fisicamente os seus escritos, hoxe perdidos para sempre. Por sorte para nós, si temos moitos dos textos das mulleres medievais, místicas e intelectuais, que impresionan pola coherencia e saber a quen hoxe se asoma aos seus escritos (Hildegarda de Bingen, Margatita Porete, Hadewijch de Amberes, Beatriz de Nazaret, Juliana de Norwich...). O xurdimento da conciencia feminista na historia, da man da obra *O segundo sexo*, de Simone de Beauvoir, inflúe de xeito decisivo na maneira en que as mulleres empezaron a facer teoloxía. Proba diso é o traballo de teólogas como Mary Daly, autora de *Beyond God the Father*, aínda non traducido ao castelán, ou a xa nomeada E. S. Fiorenza coa obra capital da exexese feminista *En memoria de ella*.

Remata o libro cunha achega á teoloxía feminista actual nas súas propostas e retos de futuro, sobre todo a partir do Concilio Vaticano II, repasando os aportes dos recentes Papas: Xoán XXIII, Paulo VI, Xoán Paulo II e

Francisco. Este último ten ante si o reto do diálogo sobre o lugar e palabra das mulleres dentro da Igrexa. Acertadamente sinala a autora en palabras de Víctor Codina:

As reivindicacións non se limitan á cuestión do maxisterio ordenado, senón que abranquen un abano máis amplo. As mulleres piden respecto, igualdade, participación e non discriminación na Igrexa: esixen ser consultadas, sobre todo naquelas cuestións que tocan moi de cerca a súa vida persoal e familiar, tomar parte nas decisións eclesiais, non ser consideradas só como esposas e nais, apreciar a súa contribución ao longo da historia da Igrexa, non ser silenciadas sistematicamente, evitar unha lectura patriarcal da Escritura, corrixir antropoloxías, teoloxías, linguaxes e símbolos de orientación claramente machista.

...ou dito en palabras de Elisabeth Jhonson:

Hoxe resulta claro que o propósito liberador da teoloxía feminista, «womanista», «mujerista» ou latina e terceiro-mundista non se acada limitándose a integrar as mulleres

nunha sociedade e nunha Igrexa onde sigan a prevalecer como norma as estruturas patriarcais e a teoría androcéntrica. Esta receita de «engadir mulleres e remexer» non dá máis que problemas ulteriores cando as mulleres prescinden dos seus talentos propios para encaixar nun mundo definido masculinamente. A estrutura completa da Igrexa e da sociedade ten, pola contra, que transformarse para dar cabida a unha nova comunidade de cooperación mutua. O obxectivo é unha nova xustiza.

Como ben di Carme Soto, «as teoloxías feministas están chamadas, como calquera teoloxía, a ofrecer sendas de encontro co Deus da vida, un Deus que se fai salvación na experiencia cotiá das mulleres (...) unha experiencia que, como a de Xesús de Nazaret, leva as marcas do mal de quen ten sido vítima, pero que se fai fecunda nos espazos de sororidade e proclamación na celebración do que constrúe e restaura».

Este é un libro para iniciarse e percorrer, con rigor e claridade, a teoloxía feminista e a historia das mulleres na tradi-

ción cristiá. Moi indicado para a xente que empeza na teoloxía e no feminismo... perfecto agasallo para mozas e mozos que reciban o sacramento da confirmación, tamén para ler

e reflexionar en grupo. Apuntémonos á teoloxía feminista, apuntémonos á igualdade de todos os fillos e fillas de Deus!

**Marisa Vidal Collazo**